


DATA DE  
RECEPCIÓN:  
30/08/2017

DATA DE  
ACEPTACIÓN:  
12/12/2017

*Aproximações ao livro-objeto:  
das potencialidades criativas às propostas de leitura*  
Ana Margarida Ramos (organizaç o)  
Porto: Tropelias&Companhia  
Col. Percursos da Literatura Infantojuvenil, n.º 17  
Marzo 2017, 230 pp.  
(ISBN: 978-989-8582-54-6)



**Carmen Ferreira Boo**

Universidade de Santiago de Compostela-Instituto de Ciencias da Educaci o  
[verinesa@yahoo.es](mailto:verinesa@yahoo.es)

39

RECENSI NS / RESE NAS / REVIEWS

Ana Margarida Ramos, investigadora reconhecida polos seus traballos sobre Literatura Infantil e Xuvenil e educaci o,   a coordinadora deste volume que nos ocupa. Na presentaci o ao mesmo, comenta que o denominado "libro obxecto", destinado ao entretemento art stico do lector e que ten sido relegado dos estudos literarios e das investigaci ns acad micas,   un produto editorial cunhas caracter sticas espec ficas, pois require a interacci o do lector, debido   mobilidade e ilusi o de movemento que provoca; esixe unha compo ente de manipulaci o; e te nen moita relevancia os peritextos, como o formato e a encadernaci o, para a significaci o; a nda que non elimina lecturas m is profundas, ademais de permitir relecturas e redescobertas, como se exemplifica co cariz experimental da edici o contempor nea, como sinalaron os estudosos que se ocuparon de analizalo desde diversas teor as.

A monograf a, tendo como f o condutor o libro obxecto cunha concepci o ampla, recolle un conxunto de reflexi ns e estudos, realizados desde diferentes puntos de vista por un grupo de investigadores de diferentes universidades portuguesas, espa olas e

Ferreira Boo, Carmen (2018).

*Aproxima es ao livro-objeto: das potencialidades criativas  s propostas de leitura* (2016),  
*Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, 5, "Recensi ns", 39-45. ISSN 2386-7620

brasileiras, que afondan en diversas cuestións como a delimitación, definición, tipoloxía, características e potencialidades literarias, artísticas e didácticas do libro obxecto, proponendo clasificación, organización, estudo sistemático e potencialidades para a formación de lectores e o desenvolvemento da competencia lectora.

Primeiramente, en “Livro-brinquedo: contributos para uma tipologia”, Diana Martins presenta unha breve panorámica histórica sobre o libro xogo a través da análise dalgúns exemplos. Salienta a importancia da manipulación lúdica do libro concebido como un xogo cunha compoñente visual importante, antes da aprendizaxe da lectura, con temáticas e modos/xéneros textuais diversos, ademais de incitar a exercicios sensoriais ricos e diversos en canto a sons, texturas etc. Destaca a autora o carácter libre que ten o denominado libro-xogo que permite a espontaneidade, en canto ao seu uso, e que ten gañado expresión nas últimas décadas, aínda que a súa orixe se remonte ao século XIII, tal como indica na panorámica histórica sobre este tipo editorial, na que salienta diferentes autores que introduciron dispositivos móbiles con distintas finalidades. Describe a súa evolución, pois a partir do século XVI son comúns xa os denominados *flap books*; no XVIII o *turn-up* ou *metamorphoses books*, tamén coñecidos como Harlequinadas; no XIX os *paper doll books*, os *toy books* e os *tunnels-books* ou *peep-show books*; e, a partir da I Guerra Mundial, os *pop-up*, grazas tamén ao contacto con movementos artísticos rupturistas como o Cubismo, e os *theatre books* e *carousel books*. A seguir, a estudosa ofrece unha análise dun corpus textual exemplificativo, seguindo criterios cronolóxicos e de orixinalidade, para dar mostra da potencialidade na exploración pictórico-gráfica e da capacidade de experimentación e innovación que leva consigo. Así comenta a narrativa textual e visual, na categoría dos chamados libros perforados, do álbum poético *O meu pequeno mundo- Pai* (2016), de Jonathan Litton; no tipo de libros tapa e destapa *lift-the-flap, Boa noite, Bolinha* (2009), de Eric Hill; nos libros a tiras *mix-and-match, Vira e combina na quinta* (2015), de Axel Scheffler, o álbum *Sapo Saltitão* (2014), de Ronne Randall, o álbum catálogo de ilusión óptica *Olá Adeus* (2015), de Delphine Chedru e o álbum sin texto *Será ...um gato?* (2015), de Guido Van Genechten; e, finalmente, libros obxecto publicados por Civilização Editora, a partir da obra clásica de Beatrix Potter. Conclúe salientando, como se ten demostrado no século XX na investigación sobre a Literatura Infantil e Xuvenil en xeral, a importancia do dobre código (lingüístico e visual) destas obras que ofrece distintos niveis de interpretación cunha pluralidade de lecturas que desafían o



*Aproximacións ao libro-objeto:  
das potencialidades creativas ás propostas de lectura*

lector para que sexa activo, crítico e reflexivo, ao permitir a manipulación física ou sensorial, e que o fan ter unha gran compoñente lúdica ata o punto do lector se conformar como coautor no proceso de construción de sentidos.

Sara Reis da Silva en “Livros ‘perforados’: singularidades e potencialidades” céntrase en comentar, con criterio e baseándose en teorías literarias, un tipo particular de libro obxecto, o denominado libro perforado *cut-out books*, ofrecendo moitos exemplos, segundo os mecanismos gráficos e as implicacións en canto ao contido e sentido. Primeiramente presenta apuntamentos para definir este tipo editorial, que se caracteriza por ter diversos orificios nas súas páxinas, cunha intencionalidade lúdica, que permiten ollar, facer aparecer ou descubrir e que son determinantes para a construción do sentido global, como a autora exemplifica na análise dalgunhas obras paradigmáticas e innovadoras publicadas no século XX en latitudes distintas que demostra o avance no deseño: *The Hole Book* (1908), de Peter Newell; *The Book about Momin, Mymbble and little My* (1952), de Tove Jansson; *Nella notte buia* (1952), de Bruno Munari; *The Very Hungry Caterpillar* (1969), de Eric Carle; *There is an old lady who swallowed a fly* (1972), de Pam Adams; *Le petit roi des fleurs* (1991), de Kevta Pachovska; *Histoire d'une larme* (2000) e *Bruits du vent* (2004), de Katsumi Komagata; *Little Mouse's Big Book of Fears* (2007) e *Again!* (2011), de Emily Gravett; *The Incredible Book Eating Boy* (2006), de Oliver Jeffers e *Estranhões&Bizarrocos (estórias para adormecer anjos)* (2000), de José Eduardo Agualusa e Henrique Cayatte. A seguir, analiza un corpus textual de cinco obras contemporáneas editadas no século XXI que integran orificios con formato circular e que interfiren significativamente na arquitectura textual ou narrativa, presentada como álbum narrativo: *El pequeño agujero* (2009), de Isabel Pin; *Et Avant* (2012), de Charlelie Couture; *The Hole* (2013), de Øyvind Torseter; *Lyoké y el gran pastel koki* (2014), de Nathalie Dieterlé e *Círculo Amarelo* (2003), de Jane Cabrera.

Séguelle a este traballo “Livros para embalar: sono e sonhos com textura”, onde Ana Margarida Ramos analiza tres libros obxecto, designados *bedtime books*, que tematizan o adormecimento infantil e a ida á cama, recorrendo á autorreferencialidade. A autora, moi atinadamente e con argumentos sólidos, apunta o interese deste tipo de libros nas áreas da psicoloxía, educación e socioloxía e salienta o seu case esquecemento na dos estudos literarios, debido á insuficiente compoñente verbal ou incluso calidade literaria polo uso instrumental que se fai destas obras, aínda que percibe certa evolución,



como teñen analizado Galbraith (1998), Griffith&Torr (2003) e Kümmerling-Meibauer (2011, 2015). Este tipo de libros con carácter híbrido, cunha proximidade ao xogo pola súa funcionalidade a nivel de desenvolvemento da linguaxe e do vocabulario, ademais da interactividade, ao promover o contacto precoz co libro, son de interese para calquera das áreas, como se pode seguir polo comentario que a investigadora Ramos fai de tres obras: *Sleepy Kittens (Despicable Me)* (2010), de Cinco Paul e Ken Daurio; *It's time to sleep* (2013) e *Good night Teddy* (2015), de Danna V. Swartz, que a levan a salientar neles o vocabulario cotián, o uso de paralelismos, rimas e repeticións, o número reducido de personaxes nun espazo limitado e con linealidade temporal, con imaxes expresivas e cores primarias e quentes, imaxes estáticas e estilización de obxectos que buscan atopar respostas para os problemas do sono dos fillos.

A seguir, Carina Rodrigues, gran coñecedora da modalidade literaria denominada álbum infantil, tras salientar a efervescencia creativa do século XXI en canto ao álbum e a aparición de novos formatos, dedica o seu traballo “Do libro-álbum ao libro-brinquedo: *Tobias às fatias* e outros libros ‘fatiados’ a reflexionar sobre a orixe dos *mix-and-match books*, con páxinas cortadas en tiras ou láminas móbiles, no que o lector é cocreador de sentidos a través da manipulación física e recombinación dos elementos cunha forte compoñente lúdica e interactiva, como demostra ao comentar o álbum *Tobias às fatias* (1990), de Manuela Bacelar, e *Animalário Universal do Professor Revillod* (2003), de Miguel Murugarren e Javier Sáez Castán, entre outros.



Margareth Mattos analiza a colección “Ping-Póing” (1986) de Eva Furnari, considerada precursora do libro obxecto contemporáneo por ofrecer un proxecto gráfico-editorial orixinal e creativo, tal como analiza en “*Quem cochicha o rabo espicha, Quem embaralha se atrapalha, Quem espia se arrepiá*: mais que libros de imaxe, libros-objeto” onde comenta o carácter lúdico, innovador e interactivo desta triloxía que contribúe a aproximar a crianza ao libro e a lectura. Tras apuntar as características do denominado libro-obxecto (hibridismo, manipulación, orixinalidade e experimentación), sitúa a autora na produción literaria e comenta as características da triloxía antedita, que rompen co modelo tradicional traendo a novidade das portas francesas que posibilitan o xogo de emparellamento/combinación de imaxes cunha gran carga de comicidade e *nonsense*, e o uso de personaxes inseridas en situacións fantásticas que funcionan como poderosos vehículos de imaxinación.

*Aproximações ao livro-objeto:  
das potencialidades criativas às propostas de lectura*

Desde o ámbito galego Isabel Mociño estuda o libro álbum *Balea* dentro da evolución da produción literaria galega actual en “Atrás do rasto da Balea: desdobrando universos ficcionais em língua galega”. Para iso, realiza unha breve, pero necesaria, panorámica do álbum nas diferentes etapas que consideran os estudosos e que ela reproduce na Literatura Infantil e Xuvenil galega, reparando en especial nos denominados libros desdobrables e na actividade de Kalandraka Editora, para logo analizar as características dos antecedentes, como é o caso da colección “Desplegavelas”, editada en 1967 por La Galera e Galaxia. Despois comenta a obra seleccionada, da autoría de Federico Fernández e Germán González, que se caracteriza por ser un álbum sen palabras cunha lectura visual que axuda a formar o imaxinario persoal dos prelectores e cunha perspectiva global e transcultural.

Claudia Sousa Pereira en “O libro-objeto e a teoría do *Ovo Kinder*” aplica con gran produtividade a teoría do Ovo Kinder (alimento, sorpresa e xogo) que Jean Perrot estableceu en *Jeux et enjeux du livre d'enfance et de jeunesse* (1999), destacando o xogo e a metáfora lúdica como formas fértils para a lectura, a dous libros para reflexionar sobre as potencialidades, o libro *pop-up* e *carrusel: La casita de Azúcar* e *Pop-ville* (2009), de Anouck Boisrobert e Louis Rigaud que representan dúas épocas diferentes da Historia do libro e que se conforman como un nutritivo instrumento para promover a educación literaria, pois permiten cuestionar (como descubrir con emoción a sorpresa), desafiar (como xogar coa comida) e atreverse (como alimentarse cunha lambetada).

Desde Brasil, Eliane Debus e Rosilene da Silveira describen en “Fabrico e uso de libros artesanais na formación de educadores” unha actividade realizada desde 2001 na materia Literatura e Infancia de Pedagogía da Universidade Federal de Santa Catarina na que se elaboraron libros artesanais, para despois realizar a súa socialización a través de exposicións, que evidencian a súa potencialidade para a lectura e as prácticas pedagóxicas cos nenos.

Mentres Sandie Mourão atende á materialidade do libro e o peso do deseño no produto editorial final en “O libro como objeto –Bernardo Carvalho no papel de ilustrador-designer”, reparando na importancia na edición de álbum en Portugal con Planeta Tangerina desde a súa creación en 1999, e concretamente na figura do ilustrador, deseñador e director artístico Bernardo Carvalho. Indica que o proceso creativo dun álbum desta editora é resultado dun traballo de calidade en equipo e de colaboración e



describe como Carvalho funde as funcións de ilustrador e deseñador en tres obras: *Pê de Pai* (2006), *Coração de Mãe* (2008) e *Depressa Devagar* (2009), nas que comenta como se interpreta o texto narrativo, realizado por Isabel Minhós Martins, seguindo a composición e os ritmos visual e verbal e os peritextos empregados, que teñen que ver coa escolla do formato, da gramaxe e calidade do papel, do uso de cores e das gardas, configurándose os álbums como obxecto de ideas, conceptos e talentos.

Por último, os dous capítulos finais atenden ao aspecto formal do libro na construción do discurso e a súa importancia na formación lectora. Así en “O lector no espazo do libro infantil. Para uma poética da leitura a partir da materialidade”, Rosa Tabernerero explora bibliograficamente, a través de estudiosos e de creadores, a importancia do soporte do álbum a nivel de lectura e de concepción artística de discurso literario, como elemento configurador do xénero e con funcionalidade discursiva. A continuación, analiza o espazo que o lector ocupa no libro, entendido como obxecto, para establecer unha poética da súa lectura. Repara na necesidade dun lector colaborador e dunha lectura interactiva e hipertextual na que se fai necesario o xogo e a ruptura das fronteiras entre a realidade do lector e a ficción do discurso. E propón unha tipoloxía de obras, botando man de exemplos variados nos que se comenta o formato e a manipulación na construción de sentidos, o uso da dobra, a lectura hipertextual dos clásicos, a arte de descubrir o oculto, a ficción que se apodera do espazo do lector, o caso do libro de artista e a ruptura da cuarta parede.



Virginia Calvo en “Respostas lectoras de crianças e de adolescentes ao libro-objeto. Análise cualitativa e proposta de classificação” ofrece, despois dun breve achegamento á base teórica, os resultados de varios proxectos de investigación do grupo de investigación ELLIJ (Educación para la Lectura, Literatura Infantil y Juvenil y construcción de Identidades) da Universidade de Zaragoza nos que estudaron as respostas lectoras infantís e de adolescentes, salientando a importancia do libro como obxecto físico na aproximación dos lectores ao libro e no propio proceso de construción de sentidos, en diferentes niveis educativos, mais tamén en procesos de acollemento e inclusión de adolescentes inmigrantes e en contextos inclusivos con nenos con autismo.

*Aproximações ao livro-objeto: das potencialidades criativas às propostas de leitura é unha excelente monografía pois achéganos ao libro-obxecto, bastante abandonado desde a teoría literaria, a través de interesantes traballos, construídos a partir de presupostos teóricos e metodolóxicos actuais, para cubrir un baleiro na crítica académica e na*

*Aproximações ao livro-objeto:  
das potencialidades criativas às propostas de leitura*

investigación, tanto a nivel ibérico como iberoamericano. Ofrecense diferentes denominacións e usos e inclúese o álbum infantil, tipo editorial que xa fora analizado con profundidade e acerto en *O álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010)* (2011), un volume colectivo coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez, no que se visualiza e se afonda nun produto que aínda precisa moita investigación e organización das súas variantes.



